

ACTA DA ASEMBLEA XERAL ORDINARIA DA

F.G.P. 03/02/2018

En Ribadumia sendo as 11,05 horas do día tres de febreiro de dous mil dezaioito, reunidos @s señor@s sinalados o comezo da presente acta para celebrar Asemblea Xeral Ordinaria da Federación Galega de Piragüismo, todos eles convocados polo Sr. Presidente da Federación Galega de Piragüismo, nas instalacións do Casa de Cultura de Ribadumia, tomando os seguintes acordos:

ASISTENTES:

PRESIDENTE: D. José Alfredo Bea García.

ESTAMENTO DE CLUBS:

Club Piragüismo As Torres-Romaría Vikinga: D. Marcos Lorenzo Cerqueira.

CMDC Breogán do Grove: D. Félix J. Lamas Gondar.

Club de Mar Ría de Aldán-Hnos. Gandón: D. Gustavo Adolfo Marcelino Canosa.

Club Escuela Piragüismo Ciudad de Pontevedra: D. Oscar Ponte Baquero.

Club Fluvial Allariz: D. José Manuel Fernández Ortega.

Club Fluvial Avión: D. Marcos Cid Pérez.

Club Fluvial de Lugo: D. Alejandro Cuadros Vega.

Club Grupo Xuvenil: D. Ernesto Gancedo Herreras.

Cluk Kayak Vigo: D. Emilio López Saavedra.

Depornautic Arosa: D. David Baños Barreiro.

Club Náutico Cobres: Dona Rosa Maria Barros Rodríguez.

Club Náutico O Muiño: D. José Manuel Vazquez Núñez.

Club Naval de Pontevedra: D. Carlos Paz Sánchez.

Club Piragüismo Penedo: D. Marcos Fortes Pereira.

Club Piragüismo Ciudad de Lugo: Dona Sabela Castro Martínez.

Club Piragüismo Rias Baixas-Náutico Boiro: D. José Luis Ourille Vázquez.

Club Piragüismo Vilaboa: D. José Enrique Acuña Blanco.

Club Piragüismo Río Verdugo: D. Manuel Alfonso García Miñán.

ESTAMENTO DE DEPORTISTAS:

Dona Jessica Moledo Rial.

D. Jorge Dieguez Touceda.

Dona M^a Cruz Seco Pérez.

ESTAMENTO DE TÉCNICOS:

D. Antonio Polo Campelo.

D. Diego González Vicente.

D. Luis A. Busto Castaño.

D. Martín Carballo Méndez.

ESTAMENTO DE ÁRBITROS:

D. Antonio Romero Vila.

Iníciase a Asemblea con un total de vinte e dous membr@s acreditados, mailo Presidente da FGP.

O longo da asemblea foron incorporándose membr@s da mesma ata acadar o número de vinte e sete (incluído o Presidente).

O Presidente pide autorización dos membros da asemblea, e permítese a entrada as persoas que acuden como oíntes ou invitados a esta asemblea.

1º LECTURA E APROBACIÓN, SI PROCEDE, DAS ACTAS DE ASEMBLEAS ANTERIORES: (14-01-17), (23-12-17).

Xunto coa convocatoria e a documentación da presente asemblea, tamén se achegaron os borradores das actas anteriores; aportando Carlos Paz unha corrección na redacción da acta do 14-01-17. O Presidente corrixe o punto 6 onde por erro pon 1€ cando son 11€. non facendo máis aportacións ningún dos presentes.

Apróbanse por unanimidade.

2º INFORME PRESIDENTE, MEMORIA DEPORTIVA.

O Presidente, axudado de táboas e porcentaxes, vai dando conta do récord de licenzas na tempada 2017. O aumento de participación na Ligas Galegas, así como o aumento da participación de deportistas en competicións nacionais.

Tamén da conta de que o cambio no accesos o C.G.T.D., o non ser por prazas limitadas a cada deporte, si non por concurso público; beneficiou o noso deporte que incrementou o numero de becados.

Destaca o aumento nas subvencións, favorecido polo traballo de xestión realizado e os cambios e adaptación realizadas nas Ligas Galegas; con separación por sexos e por categorías.

Da conta das conversas que se están mantendo coas distintas Deputación Provinciais, e que se sigue traballando na procura de un canal de sláalom olímpico en Galicia, onde temos varias opcións.

Informa do convenio acadado coa Deputación de Lugo para o mantemento da Escola Lucense, e que inclúe aportación económica a clubs a través da Liga Provincial.

Na Deputación de A Coruña, recoñeceron un erro no ano 2017, comprometéndose a rectificalo neste 2018, estando a estudar a forma de plantexalo.

Outros asuntos dos que falou foron: Plan de Promoción do Piragüismo en Idade Escolar ou que se sigue a loitar pola modalidade do SUP, xunto coa ICF; cousa que non se está a facer dende a R.F.E.P.

3º INFORME ECONÓMICO ANUAL (o peche económico de 2017 e orzamento 2018, xa foi aprobado na Asemblea Extraordinaria do 23-12-2017).

O tesoureiro indica que os datos a 31-12-17, non están totalmente pechados, pero si que o dato final será moi similar a realidade.

Tras a asemblea extraordinaria, onde se pechou o exercicio 2017 con data de 31 de outubro; sendo o resultado final dos dous meses (novembro e decembro) de aproximadamente 36.000€ de beneficio.

O presidente da conta do compromiso adquirido pola TVG para emitir o programa que imos a producir dende a F.G.P., que será emitido por TVG2, canal Europa, canal América e canais dixitais da cadea autonómica.

Indicando que se está negociando con produtoras para realizar 20 programas de uns 25 minutos cada un, con boa calidade; e o mesmo tempo estase a negociar coas Deputación Provinciais para que colaboren nos gastos que vai a carrexar esta produción.

4º PROPOSTA DO CLUB ESCUELA DE PIRAGÜISMO POIO, PARA IGUALAR AS PROBAS DE CANOS COAS DE KAIK NO CAMPIONATO GALEGO DE PISTA SENIOR-XUVENIL.

Para a defensa de esta proposta, toma a palabra o presidente do Escuela de Piragüismo Poio, Diego González; explicando que o que se busca é buscar a paridade no número de regatas no Campionato Galego de Pista, para kaiakistas e canoistas.

Posta a votación a proposta, sae aprobada por: 24 votos a favor e 3 abstencións.

Asimesmo, para aclarar a proposta anterior;ponse a votación si as canoas van a ter as mesmas distancias que o kaiak, saíndo aprobada por: 24 votos a favor e 3 abstencións.

5º PROPOSTA DA XUNTA DIRECTIVA, SOBRE A PARTICIPACIÓN DE BARCOS MIXTOS (DIFERENTES CLUBS) NO CAMPIONATO GALEGO DE PISTA VETERANO.

Explica o presidente, que para esta tempada o Comité da Liga acordou que a Liga Galega de Veteranos teña premios finais.

A participación de barcos de equipo con tripulantes de clubs diferentes, pode deixar fora das finais onde se deciden os puntos, a piraguas de clubs; polo que influirá no resultado final. Por elo dende Xunta Directiva propón que se valore o permitir que barcos de equipo formados por padexeiros por diferentes clubs, poidan participar no Campionato Galego de Pista para Veteranos.

Sendo o resultado de: 5 votos a favor, 13 en contra e 9 abstencións; polo que non poderán participar.

6º PROXECTO DE ACTIVIDADES, REGULAMENTOS E BORRADOR DE CALENDARIO 2018.

Ponse a votación os distintos regulamentos das diferentes ligas e modalidades, obtendo os seguintes resultados:

- Liga Provincial de A Coruña:
Donde se recolle a singularidade de poder puntuar nunha modalidade na que participen tres deportistas, aínda que sexan do mesmo equipo.
Aprobase con: 5 votos a favor, sendo o resto abstencións.
- Liga Provincial de Lugo:
Recolle a singularidade de que o peche de control, é marcado polo primeiro clasificado de cada categoría.
Aprobase con: 5 votos a favor, sendo o resto abstencións.
- Liga Provincial de Ourense:
Aprobase con: 7 votos a favor, sendo o resto abstencións.
- Liga Provincial de Pontevedra:
Aprobase con: 14 votos a favor, sendo o resto abstencións.
- Liga Galega de Kaiak Polo:
Aprobase con: 4 votos a favor, sendo o resto abstencións.
- Liga Galega de Kaiak de Mar/SUP:

No borrador deste regulamento, veñen as puntuacións con bonificacións acordade que se recolla a suma dos puntos e as bonificacións, como nos demais regulamentos.

Aprobouse con: 16 votos a favor, 1 en contra (Náutico de Cobres), e o resto abstencións.

- Regulamento Xeral:

Neste punto, Martín Carballo (Estamento de Técnicos), solicita que conste en acta que o Cidade de Lugo vai enviar unha carta dirixida o Comité de Árbitros, para que as saídas sexan polo sistema de “preparados - xa”, e non por sistema regresivo.

O presidente informa, que o sistema de saídas xa é por “preparados - xa”, e a utilización do sistema regresivo só se debe aplicar nas saídas de sláalom.

Carlos Paz (Naval de Pontevedra) propón os seguintes cambios:

- No punto 10.14, na contía que se establece para sancionar a clubs reincidentes en irregularidades, propón que se cambie de 300€ por 100€.
- Punto 16.5; as apelacións definitivas do Comité de Competición, deben ir acompañadas dunha taxa de 60€, que propón rebaixar a 30€.
- Artigo 11; recolle que unha vez pasado o percorrido de 3.000 metros, todo deportista que sexa dobrado (excedido pola cabeza de carreira) deberá abandonar a competición. O club do deportista que non realice esta manobra de abandono será sancionado con -50 puntos que serán deducidos da suma total do Campionato. Considera que sancionar o club por unha acción individual dun deportista non é xusta, debendo dirixirse a sanción ó deportista.

María Cruz Seco, comenta que sempre vota en contra das penalizacións, pero si un deportista non fai caso as indicacións do club, é un problema.

Ernesto Gancedo (Xuvenil As Pontes), di que se debe diferenciar entre sanción e penalización.

O presidente respóndelle a Carlos Paz que, que previo a Asemblea hai un amplo período de tempo para presentar propostas os borradores dos regulamentos, onde non fixo ningunha proposta.

Despois dun debate, acordouse aceptar a proposta presentada para modificar o artigo 11, que recollera o seguinte: A negativa abandonar o campo de regatas será valorada polo Xuíz único, a petición do Comité de Competición da regata.

Ponse a votación o Regulamento Xeral, no que tamén se incluírá a proposta do Escuela de Piragüismo Poio sobre a igualdade de distancias no Campionato Galego de Pista Sénior.

Aprobouse con: 23 votos a favor, 1 en contra (Naval de Pontevedra) e dous abstencións.

- Regulamentos das Ligas Galegas: Séniores, Xuvenís, Cadetes, Infantís e Veteranos:
Carlos Paz (Naval de Pontevedra) propón que se igualen os de tempos de peche control no Campionato Galego de Pista, xa que son diferentes na contra reloxo e nas finais.
Alfredo Bea, respóndelle que pode facer chegar as súas propostas por escrito para ser debatidas na Comisión Delegada.
Ponse a votación estes regulamentos, saíndo aprobados por: 21 votos a favor, 1 en contra (Naval de Pontevedra) e 3 abstencións.
- Borrador Calendario 2018:
Martín Carballo, en nome dos clubs de Lugo propón que se inclúa un Campionato Galego de K-2 de categorías alevíns, que se celebraría a finais de tempada.
O Presidente da conta da celebración do campionato do Mundo de Waweski, nova modalidade da F.G.P.
Tamén se pide que se modifiquen os horarios do Campionato Galego de Inverno, para que comenze máis tarde, aproveitando que o non participar a categoría cadete, a primeira regata se inicie máis tarde.
M^a Cruz Seco, pregunta porque o Campionato Galego Individual de Alevíns sendo en Lugo, porque se fai puntuable para a Liga Provincial de Pontevedra de Alevíns e Benxamíns.
O Presidente respóndelle que se fai de cara a dar unha maior visibilidade o noso deporte, con un Campionato Galego con preto de 700 deportistas en competición nas idades máis tempranas. Ademais sirve de promoción do noso deporte, que é o que se ten que buscar dende a Federación; e con máis razón tras asinar o convenio coa Deputación de Lugo.
Asimesmo, o Presidente informa que os horarios dos Campionatos Galegos de Pista, terán como base os dos campionatos de 2017; onde se incluírán as variacións oportunas que se ocasionen coas inscricións e inclusión de regatas.
Ponse a votación, saíndo aprobado por: 21 votos a favor, 1 en contra e 2 abstencións (unha delas do Naval de Pontevedra).

6º CUSTO LICENZAS

Dende A Xunta Directiva da F.G.P., e dado que a R.F.E.P. vai a manter os mesmos prezos para a presente tempada; propónse que na tempada 2018 as licenzas manteñan os mesmos prezos que na 2017, tal e como recolle a circular emitida no seu día.

O mesmo tempo e de cara a adecuar as distintas licenzas que tramita esta federación as necesidades dos nosos usuarios e os servizos que se presta; o mesmo tempo que tratar de atraer o maior número de persoas que practiquen o piragüismo e, que ata agora non estaban en contacto coa nosa federación.

Por elo, damos conta da inclusión da licenza para a categoría pre-benxamín; o tempo que propoñemos a creación das seguintes licenzas: Licenza Cursiño, Licenza Individual, Carné Padexeiro e Licenza “Xtreme”.

- Licenza Pre-benxamín:

A creación de esta licenza se inclúe dentro dos cambios do regulamento Xeral, consideramos oportuno informar da mesma neste punto referido a licenzas.

- Licenza Cursiño:

Licenza cursiño (1 día), prezo 1,5€

Licenza cursiño (1 semana), prezo pendente de valoración da aseguradora.

- Licenza Individual:

Deportistas que queiran realizar actividade e participar sin puntuar para clubs. Os deportistas que tramiten esta licenza so poderán participar en regatas e eventos organizados pola F.G.P. e que así o permitan os seus regulamento; como pode ser a modalidade de waweski e outros.

Para facer estas licenzas, as persoas interesadas deberán baixar a solicitude da páxina web da federación, cubrila e envíala por fax ou escaneada por correo electrónico; así como o xustificante de ter abonada a cuota establecida.

- Carné Padexeiro:

O Carné de Padexeiro está pensando está pensado para calquer afeccionado a piragua, xa sexa piragüista deportivo ou de ocio, entre 15 e 70 anos, e a súa validez é anual dende a data de emisión, ata o ano seguinte na mesma data. Navegar en piragua con leva unha serie de responsabilidades; un practicante do noso deporte pode verse inmerso nun incidente, por elo a importancia de asegurar a súa tranquilidade.

É importante contar con un seguro que contemple os danos persoais, ademais de formar parte da gran familia do piragüismo galego, podendo beneficiarse de moitas vantaxes.

A principal diferenza entre Licenza Federativa e o Carné Padexeiro é que con este último, non se pode competir. O Carné Padexeiro ofrece un seguro máis limitado que a Licenza Federativa.

Estase a valorar coa entidade asegurador, para establecer o prezo do Carné Padexeiro, que será menor que o da Licenza Federativa.

- Licenza "Xtreme":

Persoas practicantes do noso deporte, que se adican as augas bravas e kaiak extreme; indican que a nosa licenza federativa non cubre as necesidades da súa actividade. Polo que se teñen que federar en espeleoloxía, que cubre mellor as súas posibles incidencias.

Por elo propuxeron a esta F.G.P. que se cree unha licenza, que aínda que sexa máis cara, poida cubrir mellor as súas necesidades e así poder estar integrados na Federación Galega de Piragüismo.

Polo que se propón a creación da Licenza "Xtreme", que poderá cubrir os practicantes de estas modalidades; ademais poderían sumarse outros deportistas que o consideren oportuno, como os que fagan rutas en kaiak de mar, etc.

O custo de esta licenza e as coberturas da mesma, está pendente da entidade aseguradora.

Ernesto Gancedo (Xuvenil As Pontes), opina que para potenciar a que as licenzas se tramiten a través dos clubs, polo que a Licenza Individual sexa un pouco máis cara.

O Presidente ve ben esta aportación e plantexa que esta licenza teña un custo de un 10% máis cara que a normal.

Posto a votación, incluíndo a proposta do custo da Licenza Individual; saíndo aprobado por: 20 votos a favor, 2 en contra e 3 abstencións.

8º PROPOSTA DE REMUNERACIÓN PRESIDENTE.

Na Asemblea do 16-01-16, aprobouse a modificación dos Estatutos onde se recolle a remuneración do Presidente da F.G.P., así como o compromiso de levar anualmente ante a Asemblea Xeral Ordinaria a aprobación da contía do salario a percibir.

Para a tempada 2018 se propón a Asemblea establecer un salario bruto anual, o igual que na tempada 2016, por un importe de 1€ máis que o salario do traballar da F.G.P. que máis cobra.

Polo que se propón fixar o salario do Presidente en 26.001€ brutos anuais. Sendo o custo total de 34.555€.

Ponse a votación, saíndo aprobado por: 18 votos a favor e 3 abstencións.

9º ROGOS E PREGUNTAS.

Martín Carballo, en nome do Cidade de Lugo, propón que se creen unhas normas para sancionar os árbitros cando cometen erros.

O Presidente di que se pasará a proposta a asesoría xurídica e o propio Comité de Árbitros.

O asesor xurídico da F.G.P. que se atopa presente na asemblea, informa que sancionar un erro non es punible, xa que é un tema técnico, polo que correspondería o Comité de Árbitros.

Expóñense outras opinións como que nunha regata cando se presenten reclamación, se agarde a resolución das mesmas antes de dar os premios, para evitar que se teña que devolver o premio en caso de que se vexa afectado polas resolución de reclamacións.

Ernesto Gancedo (Xuvenil As Pontes) solicita que cando nunha saída se metan sancións de 1 minuto, estas se vexan reflexadas nas clasificacións.

Antonio Romero (presidente do Comité de Árbitros) indica que están intentando que as actuacións vaian cumprindo os criterios; pero que se poden cometer erros que están intentando corrixir.

Marcos Fortes (Penedo), propón estudar posibles axudas ós árbitros a través da tecnoloxía, como pode ser con sensores.

Jorge Dieguez (Deportistas) pregunta en nome do C.N. Pontecesures, que se vai facer con respecto a designación de Alcudia (Mallorca) como sede do Campionato de España de Inverno de Xóvenes Promesas, e sin practicamente axudas de ningún tipo.

José Enrique Acuña (Vilaboa), informa de que eles non van a desprazarse a este Campionato.

Diego Gonzalez (Poio), pregunta que a non asistencia a este Campionato non pode afectar negativamente a deportistas que estean no C.G.T.D.

O Presidente indica que o ser concurso competitivo podería afectar a deportistas que xa estean no C.G.T.D. ou con posibilidades de entrar. E informa que dende a F.G.P. xa se trasladou unha queixa e que na asemblea da R.F.E.P. pideuse reciprocidade; si os clubs insulares teñen axudas para vir a península, neste caso que é o revés, que tamén teñan axudas os clubs que se despracen.

Da mesma forma que chama a completar os remolques de piraguas entre clubs e asumir entre varios o custo, pon a disposición dos clubs si fose necesario o remolque e unha furgoneta da F.G.P. para desprazar embarcacións.

Carlos Paz (Naval de Pontevedra), propón que dende Galicia se solicite ante a R.F.E.P. a organización de este campionato, como alternativa a Mallorca.

O Presidente acepta a proposta, indicando que se enviará a solicitude o vindeiro luns. O tempo que se convoca unha reunión dos clubs galegos para o mércores, para estudar e coordinar como se afronta este campionato.

Levantase a sesión cando son as 14,00 h., dando fe de todo o recollido e asino a presente co visto e prace do Presidente.

Vº e Prace Presidente

Asdo. Félix José Lamas Gondar.

José Alfredo Bea García

Secretario.